



Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria

ACTA Nº 3 DE REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE AGAEDES

O sábado 24 de novembro de 2012 ás 10 horas ten lugar a reunión da asemblea anual ordinaria de AGAEDES, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela cos seguintes asistentes:

ASISTEN:	NON ASISTEN:
1. Carballo García, Raquel	1. Álvarez Diñeiro, Rogelia
2. Castellano Mourín, Jesús	2. Andión Muínelo, Genoveva
3. González Álvarez, Francisco Javier	3. Andrade Enríquez, M ^a Jesús
4. Lasheras, Juana	4. Antolínez Felipe, M ^a Elena
5. López Mariño, Emilio Pedro	5. Arias Rodríguez, Lurdes
6. Louzao Rodríguez, Xoán A.	6. Barrio Rodríguez, Ramona
7. Meiriño González, M ^a del Carmen	7. Besada Hermida, M ^a Carmen
8. Oubiña, M ^a Luísa	8. Cabarcos Anca, Javier
9. Pavón Amorín, M ^a Milagros	9. Carballo Felpete, Carlos Alberto
10. Rodríguez Blanco, Carlos Alfonso	10. Castela Iglesias, Victoria Eugenia
11. Vázquez Carpintero, Jose Luis	11. Concha Fraga, Higinio
	12. Conde, Elena
	13. Doval Casal, Marisol
	14. Fernández Sasiáin, Laura
	15. Ferreiro Paz, Xoán Xosé
	16. Gago Florenti, M ^a Rosalía
	17. García Irimia, M ^a Luz
	18. Gómez Fernández, Rafael
	19. Gómez Nieto, Dolores
	20. Jorge Otero, María Olga
	21. Lado García, Manuel
	22. Lado García, Concepción
	23. Lama Bravo, Patricia
	24. López Soto, M ^a Beatriz
	25. López Ulloa, M ^a Socorro
	26. Mantiñán Pérez, Beatriz
	27. Murias Gil, Sergio
	28. Otero, Concha
	29. Otero García, Isabel
	30. Padrón Chao, Ricardo
	31. Prol Prol, Nieves
	32. Pumar García, M ^a Mercedes
	33. Quintela Miramontes, Jesús
	34. Ramírez Mosquera, Margarita
	35. Rivas Barrós, Francisco J
	36. Rodríguez García, José Manuel
	37. Rodríguez Giráldez, Francisco
	38. Rodríguez González, Marta M.
	39. Sánchez García, José Angel
	40. Vallejo Pérez, María del Carmen
	41. Vázquez Obelleiro, Esther
	42. Veiguela, Marta
	43. Veloso González, Celso

Comeza a reunión para tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- Análise e proposta de actuacións ante a futura publicación da LOMCE.

Toma a palabra o presidente, Don Francisco Javier González Álvarez e dá conta nun breve resumo dos principais cambios que o proxecto de nova lei educativa LOMCE introduce no sistema educativo así como das principais repercusións que ten respecto da situación das materias relacionadas coa área de Economía tanto no Bacharelato (desaparición da materia de Economía como propia de modalidade en 1º curso de Bacharelato de Ciencias Sociais sendo substituída por Literatura Universal, quedando a Economía como unha mera materia optativa no mesmo) como na ESO (desaparición das materias optativas relacionadas co espírito emprendedor en 3º e 4º de ESO, incluíndose unicamente unha materia en 4º de ESO na modalidade de ensinanzas aplicadas orientada á Formación Profesional, denominada “Iniciación a la vida laboral y a la actividad emprendedora”).

En xeral, valóranse de xeito moi negativo todas estas modificacións e considérase un importante retroceso na situación da ensinanzas de contido económico, tan necesarias no contexto que estamos a vivir como resulta máis que evidente.

Continúa o presidente dando conta das actuacións levadas a cabo ata o momento tanto por parte da nosa asociación galega, como por parte da “Confederación Estatal de Asociaciones de Profesorado de Economía en Secundaria (CEAPES)” da que formamos parte, e que están abundantemente documentadas na nosa páxina web www.agaedes.org Da conta así pois da remisión de peticións á Consellería de Educación galega, e da solicitude de entrevista ao Conselleiro de Educación en Galicia; dos contactos coa CONFEDE e da inclusión dunha ponencia explicativa da situación na reunión celebrada en Santander a finais de outubro pasado. Da conta dos contactos cos Colexios de Economistas e a OEE co Ministerio de educación, a instancia de CEAPES, e da remisión de informes para a reunión que tiveron co MEC. Informouse ademais das solicitudes de entrevistas de CEAPES no MEC, dos contactos con grupos políticos, das remisións de múltiples cartas a medios de comunicación...

Así mesmo coméntanse os apoios recibidos nas nosas reivindicacións así como o crecemento da CEAPES coa recente creación de novas asociacións en diferentes comunidades autónomas (Aragón, Castela León, Castela a Mancha e Madrid...) que fixo crecer o número total ata 11 asociacións de profesores de Economía.

Laméntase a falta de sensibilidade do MEC ante as reivindicacións suscitadas, especialmente patente na resposta que a Subdirectora Xeral de Ordenación Académica do MEC María José Fabre González lle envía ao Presidente do Consello Xeral de Colexios de Economistas de España, don Valentí Pitch Rosell. O contido dese documento así como o ton do mesmo non fan albergar moitas esperanzas ante posibles cambios no proxecto de lei.

A pesar de todo coincidimos na necesidade de manter as reivindicacións ante o Ministerio e continuar a liña de colaboración con CEAPES nas actuacións iniciadas.

2º.- Proposta de temas a tratar na posible reunión con Conselleiro de Educación.

Pregunta o presidente aos asistentes a súa opinión sobre cales deben ser a prioridades de peticións ante a Consellería de Educación de Galicia, e acórdanse remitirille as seguintes (por orde de importancia):

- 1 Solicitar o compromiso por parte da Consellería galega da reivindicación ante o MEC do mantemento da situación da materia de Economía en Bacharelato tal como viña estando ata agora (propia de modalidade no Bacharelato de Ciencias Sociais).
- 2 Mantemento para 4º curso de ESO da materia optativa de “Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras”, de oferta obrigatoria para todo o alumnado que curse 4º de ESO.
- 3 Inclusión dunha materia optativa para o alumnado de 3º de ESO relacionada coa Educación Financeira.
- 4 Inclusión na lista de materias optativas en 2º curso de Bacharelato dalgunha materia relacionada coa área de coñecemento de Economía (tal vez Proxecto Empresarial).

En resumo, compromiso de manter o que xa temos (tanto na ESO como no Bacharelato) e incluír novas materias optativas que completen os coñecementos económicos do alumnado en todo o conxunto da Secundaria.

3º.- Lectura e aprobación do estado de contas.

O presidente reparte entre os asistentes un documento onde se resume os estado de ingresos e gastos ano por ano, desde a constitución da asociación.

Coméntanse os aspectos máis relevantes en canto a ingresos e gastos durante estes anos, e a situación actual das contas. Infórmase que o saldo existente na conta bancaria no momento da reunión ascende a 43,72 euros.

O estado de contas é aprobado por unanimidade.

4º.- Determinación das cotas para o ano 2012, e para o ano 2013.

Habida conta que no ano 2011 non se cobraron cotas, e dos gastos que previsiblemente vai xerar a mobilización contra a LOMCE, o presidente propón que cada asociado/a realice un ingreso de 30€, que cubriría as cotas dos anos 2011 e 2012 a partes iguais, un novo ingreso para maio-xuño doutros 30 € como cota do ano 2013.

As dúas propostas son aprobadas por unanimidade.

5º.- Análise da situación das Olimpíadas de Economía.

O presidente fixo un resumo da estreita colaboración de AGAEDES na organización das Olimpíadas galegas de economía desde o seu nacemento, valorando positivamente este feito como unha forma de seguir mantendo un estreito contacto cos decanos das Facultades de Economía de Galicia.

Sen embargo, nos últimos anos a organización das mesmas foi cada vez máis dificultosa (especialmente no tema do financiamento), chegando ao mínimo interese o curso pasado

cando se pretendían organizar en Lugo. Manifesta o seu cansazo polo esforzo realizado todos estes anos e o escaso froito recollido.

A vicepresidenta comenta que, malia todo, parécelle importante manter a colaboración e impulsar a actividade aínda sendo consciente de que o esforzo estivo a recaer demasiado na asociación (especialmente no seu presidente).

Quedamos á espera da organización das Olimpíadas este curso, previsiblemente en Ourense para propoñer que se centralicen en Santiago (alomenos a celebración dos exames e os actos), aínda que poidan ser organizadas por outras Facultades.

6.- Renovación dos cargos directivos da Asociación.

Cumprido o prazo establecido nos Estatutos para a proposta de renovación dos cargos directivos estes poñen o seu cargo a disposición da Asemblea.

Queda aprobado por unanimidade o mantemento da actual xunta directiva por outros tres anos máis.

7.- Rogos e preguntas.

Non habendo rogos nin preguntas levántase a sesión ás 11'45 horas do 24 de novembro de 2012, do cal dona M^a Carmen Meiriño González da fe como secretaria accidental, e asina a presente, co visto bo do presidente e do secretario.

O PRESIDENTE

A VICEPRESIDENTA

Francisco Javier González Álvarez

M^a Carmen Meiriño González

O SECRETARIO

José Ángel Sánchez García